

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (ausente)

Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos

José M. Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Margarita González Hernández, Xefa da Sección Emprego e Programas, secretaria.

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luís Pérez Gómez, (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO, ausente)

Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

José Santiago Santos García (UXT, ausente)

Xoan Cebro Rodríguez, (CIG, ausente)

María Fariza Novoa (CCOO, ausente)

Acta da reunión celebrada ás 11:15 horas do 27 de abril de 2012, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia, coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación acta do 23 de febreiro de 2012.
2. Convocatoria de ampliación de lista de agarda na categoría de Técnico Especialista de Transporte e Distribución.
3. Estado actual das listas de agarda.
4. Rogos e preguntas.

Margarita González informa que tanto María Fariza como Manuel Marcos desculparon a súa asistencia.

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DO 23 DE FEBREIRO DE 2012.

Apróbase por unanimidade.

2. CONVOCATORIA DE AMPLIACIÓN DE LISTA DE AGARDA NA CATEGORÍA DE TÉCNICO ESPECIALISTA DE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica a necesidade de ampliación da lista de agarda nesta categoría, que se deriva da renuncia prevista dunha banda, por dúas das persoas contratadas para incorporarse a outras administracións e por outra, pola

renuncia do único aspirante que restaba na lista de agarda tamén por atoparse xa traballando nunha empresa privada.

Explica que na elaboración desta convocatoria tomouse como referencia a de 2006 axustándose aos cambios producidos na normativa, tendo en conta ás suxestións do Responsable da Unidade de Transporte e Distribución e o feito de tratarse dunha ampliación, polo que do temario se eliminou o referido a normas administrativas.

Luis Pérez solicita que o texto destas convocatorias se envíen aos representantes dos Comités de Empresa cunha antelación mínima de 15 días, para que as poida someter aos comités.

Ángel Torreiro indica que se na convocatoria de ampliación da lista de espera na categoría de TEBs xa se acordara que o temario tiña que ser inferior ao que se esixía na oposición, nesta hai que seguir o mesmo criterio e polo tanto hai que reduci-lo.

O Vicexerente de Recursos Humanos alega que as circunstancias obxectivas son diferentes porque neste caso as persoas que se seleccionen van empezar a traballar de xeito inmediato e por tempo longo, non simplemente a formar parte dunha lista polo que a esixencia debe ser maior.

Luis Pérez manifesta que o problema é pedir un temario que require varios meses de preparación con tanta urxencia, xa que iso pode provocar que persoas moi boas profesionalmente non teñan o tempo suficiente de preparalo.

O Vicexerente de Recursos Humanos considera que tal e como está a situación económica actual vanse presentar moitos candidatos, polo que é importante ter unha proba tipo test, que ademais de obxectiva permite maior axilidade na súa corrección. Razona que as persoas que se presenten ao ter que estar en posesión de determinados carnés, xa tiveron que estudar as materias do temario.

Luis Pérez solicita que se lles dea un tempo para analizar a proposta nos comités, manifestándose de acordo co expresado por Ángel Torreiro en canto á reducir o temario. Ambos están en desacordo con que se valore a experiencia no sector privado, criterio que se aparta do establecido no acordo e que se seguiu nas convocatorias temporais realizadas ata o de agora.

O Vicexerente de Recursos Humanos acepta modificar o borrador para axustarse ao criterio seguido ata o de agora.

Ángel Torreiro indica que as disposicións transitorias do RD 1032/07 establece excepcións á obriga de acreditar o certificado de aptitude profesional polo que non debería esixirse.

José Manuel Fernández Viña indica que tal acreditación é un requirimento xenérico e que como tal debe figurar como requisito de admisión; outra cousa é que a propia norma reguladora estableza de xeito transitorio excepcións, que en calquera caso deben ser alegadas e documentadas polos aspirantes para resultar admitidos.

Ángel Torreiro pregunta por qué na proba práctica se incluíu "...e as tarefas propias do posto de técnico especialista de transporte de distribución" cando nunca se fixo noutras convocatorias. O Vicexerente explica que o considera adecuado á categoría,

para caracterizar mellor a proba práctica, debido a que a mesma non ter porqué ser un exercicio escrito senón que pode consistir en conducir o autobús, por exemplo.

3. ESTADO ACTUAL DAS LISTAS DE AGARDA.

O Vicexerente propón que noutra reunión estudemos con calma as accións a tomar neste asunto e na seguinte reunión decidir as prioridades.

Luis Pérez agradece este traballo, e considera que á vista do cadro coa relación de persoas dispoñibles en cada categoría, non era necesario convocar o proceso de ampliación de Técnicos Especialistas de Bibliotecas e porén si era urxente a de Técnico Especialista de Transporte e Distribución.

José Manuel Fernández Viña reitera as explicacións dadas noutras reunións acerca de que en xaneiro deste ano a lista quedou practicamente esgotada, aínda que fora de xeito puntual, polo que considera necesario evitar que poda volver a suceder. O Vicexerente sinala esta lista ten moito movemento polo que se fai conveniente tela actualizada e con candidatos suficientes para dar resposta rápida ás necesidades que poidan xurdir.

Ángel Torreiro e Luis Pérez indican algúns erros no listado entregado dos que tomou nota Margarita González para proceder á súa comprobación e corrección.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 12:15 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.